

## **XII Rali do Lacón regularidad vehículos históricos. INFORMACIÓN E ACCESOS.**

Verificacións venres: Café-Bar Ningures, a partir das 20.00h

Verificacións e parque pechado sábado 7: Parrillada Veracruz, de 9.00 a 10.05h

Briefing: 10.05h

Saída, c/Curros Enríquez con Rosalía de Castro. 10.25h.

### **ZONAS PÚBLICO.**

**TR2:** Saída de tramo 10h55min. Zona público 1: acceso dende a N541 en dirección Ourense-Pontevedra, ao pasar o concesionario FORD xiramos á dereita cara a OU417 e tras continuar 1km 800m, atoparemos co tramo na capela da Nosa. Señora da Saleta.

**Parada café.** 11h30min Dende Carballiño e continuando pola N541 dirección Pontevedra na poboación de Almuzara atopamonos co reagrupamento de media mañá, no que os participantes farán un descanso de 25min no Bar Casa Ramón.

**TR4:** Saída de tramo ás 11h55min. Dende Carballiño e tras pasar a poboación de Godás do Río, a 1km xiramos á esquerda, dirección Moldes. Tras percorrer 1km chegamos á Igrexa de Moldes, pola cal pasará a proba.

**TR6:** Saída de tramo ás 12h43min. A localización ubícase na Igrexa de Santa María de Beade, accedendo dende a OU504 (A Barrela-Ribadavia) xirar á dereita cara a OU212 na indicación Avión, Beariz, Beade, tras percorrer 1.4km atopamos co tramo (aparcar do lado esquerdo da OU212).

**Descanso medio día:** 14h30min. Parada de 1h20min. Restaurante a Carballeira Santa Cruz de Arrabaldo.

**TR9:** Saída de tramo ás 16h01min. Rotonda Maside, ao lado do pabillón deportivo. Accedendo dende a N541 (Pontevedra-Ourense) desviándonos na segunda saída de Maside, pola rotonda os participantes pasarán varias veces en diferentes dirección.

**TR11:** Saída de tramo ás 17h12min. ACCESO 1: Dende a N525 (Santiago-Ourense) e tras pasar a poboación de Faramontaos os participantes pasan por en frente ao restaurante Casa Testa. ACCESO 2: Dende a propia N525 e no mesmo sentido do acceso 1 e tras pasar a poboación de Sobreira xiramos á esquerda, indica Vilamarín, Maderas Ruben, centro de formación profesional, tras percorrer 1.3km atopamos co tramo, pasando varias veces polo mesmo punto, onda empresa madeireira.

**Descanso media tarde:** 18h10min. Parada de 40min na Plaza do Reloxo de San Cristobo de Cea.

**TR12:** Saída de tramo ás 18h50min. ACCESO 1: na OU406 que une Cea con Oseira, atoparemos co tramo na propia poboación de Oseira, pola cal pasarán os participantes varias veces. ACCESO 2: Dende a OU401 que une Lousado con Carballiño e tras pasar a localidade de Boedes accederemos á Hermita da Madalena.

PRÉGASE NON MOLESTAR AOS PARTICIPANTES ASÍ COMO APARCAR OS VEHÍCULOS FÓRA DAS CARRETERAS SEN QUE POIDA CAUSAR CALQUERA TIPO DE TRASTORNO AOS MESMOS E A PROPIA CIRCULACIÓN.